

Cincuentenario (1959–2009) da
Concatedral de San Xiao de Ferrol



Xullo – Setembro 2009

Boletín Oficial do
Bispado de Mondoñedo-Ferrol

Ano CLIII. Xullo - Setembro 2009. Nº 3

Mondoñedo-Ferrol 2009

ÍNDICE

1. BISPO DIOCESANO	5
1.1. DIRECTORIO PARA A INICIACIÓN CRISTIÁ.....	7
1.2. DIRECTORIO PARA LA INICIACIÓN CRISTIANA.....	46
1.3. ESCRITOS.....	86
1.3.1. Escrito co gallo da festa de Nosa Señora do Carme, Patrona dos mariñeiros.....	86
1.3.2. Saúdo ós Relixiosos de CONFERGA en Poio no encontro de Superiores Maiores e Bispos.....	88
1.4. HOMILÍAS.....	92
1.4.1. Homilía na festa de Nosa Señora dos Remedios.....	92
1.5. OUTROS ESCRITOS.....	95
1.5.1. Escrito sobre a familia.....	95
1.6. AXENDA DO BISPO.....	131
2. SANTA SE	139
2.1. MENSAXE DO SANTO PADRE BENEDICTO XVI PARA A XORNADA MUNDIAL DAS MISIONS 2009.....	141
2.2. CARTA APOSTÓLICA EN FORMA DE “MOTU PROPRIO” ECCLESIAE UNITATEM DO SUMO PONTÍFICE BENEDICTO XVI PARA A REFORMA DA COMISIÓN “ECCLESIA DEI”.....	144

3. CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA	147
3.1. NOTA DO COMITÉ EXECUTIVO ANTE A FALLIDA REPROBACIÓN DO PAPA POR UNHA COMISIÓN PARLAMENTARIA.....	149
4. IGREXA DIOCESANA	151
4.1. CHANCELERÍA SECRETARÍA XERAL.....	153
4.1.1. Nomeamentos.....	153
4.1.2. Ceses.....	154
4.2. DELEGACION DO CLERO.....	155
4.2.1. Carta do Delegado.....	155
4.2.2. Escrito do delegado ós sacerdotes.....	156
5. CRÓNICA DIOCESANA	159
6. NA PAZ DO SEÑOR	169



- 1.1. DIRECTORIO PARA A INICIACIÓN CRISTIÁ
- 1.2. DIRECTORIO PARA LA INICIACIÓN CRISTIANA
- 1.3. ESCRITOS
 - 1.3.1. Escrito co gallo da festa de Nosa Señora do Carme, Patrona dos mariñeiros.
 - 1.3.2. Saúdo ós Relixiosos de CONFERGA en Poio no encontro de Superiores Maiores e Bispos
- 1.4. HOMILÍAS
 - 1.4.1 Homilía na festa de Nosa Señora dos Remedios
- 1.5. OUTROS ESCRITOS
 - 1.5.1. Escrito sobre a familia
- 1.6. AXENDA DO BISPO

1. BISPO DIOCESANO

1.1. DIRECTORIO PARA A INICIACIÓN CRISTIÁ

Documentos

- **AG** CONCILIO VATICANO II, *Decreto Ad Gentes, sobre a Actividade Misioneira da Igrexa* (1965).
- **BOOMF** Boletín Oficial do Bispado de Mondoñedo-Ferrol.
- **CA** CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA. *Catequese de Adultos* (1991).
- **CC** CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA. *Catequese da Comunidade* (1983).
- **CCE** *Catecismo da Igrexa Católica. Catechismus Catholicae Ecclesiae* (1992).
- **CIC** *Codex Iuris Canonici* (1983).
- **CT** JUAN PAULO II, Exhortación apostólica *Catechesi Tradendae* (1979).
- **DGC** SAGRADA CONGREGACIÓN PARA O CLERO, *Directorio Xeral para a Catequese* (1997).
- **EN** PAULO VI, Exhortación apostólica *Evangelii Nuntiandi* (1975).
- **IC** CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA. *A Iniciación Cristiá. Reflexións e orientacións* (1998).
- **OPC** CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA. *Orientacións pastorais para o catecumenado* (2002).
- **OPICNNBI** CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA. *Orientacións pastorais para a iniciación cristiá de nenos non bautizados na súa infancia* (2004).
- **RICA** *Ritual da Iniciación Cristiá de Adultos*, ed, española do Ordo *Initiationis Christianae Adultorum*, Editio Typica, Vaticano 1972.

Presentación

O cristián non nace, faise. Entón, ¿como se fai un cristián? Esta pregunta foi e segue sendo dunha importancia capital para a comunidade cristiá e os seus pastores. Pero a resposta no contexto actual non é en absoluto evidente. Nos últimos anos a acción pastoral da Igrexa está a atopar dificultades crecentes para xerar e educar na fe ás novas xeracións.

O ambiente familiar resulta morno ou, polo menos, insuficiente. O ensino relixioso apenas logra que a fe dos seus alumnos se manteña en pé ante os

embates das diversas concepcións da vida vixentes na sociedade. A catequese infantil custa cada vez máis e os mozos, na súa maioría, desapareceron das nosas parroquias. A iniciación á fe que reciben hoxe moitos bautizados resulta un proceso descontinuo, incompleto para asegurarlles consistencia e coherencia cristiá. Por iso a fe de moitos naufraga ou queda reducida a un residuo amortecino cando os novos entran de cheo na universidade, no traballo, no matrimonio, na vida secular.

“Frecuentemente -recoñecía o Papa Benedicto XVI- a problemática que se formula polo que se refire á Iniciación cristiá ten que ver con algunhas normativas existentes respecto á idade, cursos de preparación, situación dos pais, ... cuestións que desasosegan, crean tensións e producen desacougo. Agora ben, sen quitar importancia a estas cuestións, habemos de recoñecer que non entran de cheo nos grandes problemas de fondo. ¿Como se fai un cristián, que é o que lle vai dando forma? ¿Como formular a Iniciación cristiá nun mundo coma o actual onde hai tanta increnza e tanta fe debilitada?”

A Igrexa tivo durante séculos de paganismo ambiental un proceso de iniciación sólido, ben trabado, completo, que collía os candidatos ás portas da fe, acompañáboas ao longo de varias etapas e conducíaos a unha fe adulta. A iniciación ofrecía eficazmente aos novos cristiáns unha adhesión firme a Xesucristo, unha vinculación amorosa á Igrexa, unha vertebración dos contidos doutriniais da mensaxe cristiá, un programa de conduta moral, unha dirección para o compromiso cristián e unha experiencia de oración individual e litúrxica.

É certo que a diferenza entre aqueles séculos e o momento actual é abismal. Aquel era un mundo pagán, pero relixioso. A planta da fe prendía na terra dunha rica relixiosidade. Hoxe esta terra parece quedar desprovista de moitos dos seus sales nutritivos. A atmosfera que rodea en Europa ás xeracións xuvenís é moi propicia para xerar unha mesta indiferenza relixiosa. Só unha Iniciación cristiá ben coidada pode asegurar, baixo a continua acción da graza, a emerxencia de cristiáns para o século XXI. ¿Cantos están dispostos a este esixente percorrido?

Sexan moitos ou poucos estes candidatos, a Igrexa en Occidente ten ante si a inxente tarefa de reelaborar o proceso da iniciación cristiá. O Ritual da Iniciación Cristiá de Adultos (RICA) foi un paso de grande envergadura. Nel recóllense algunhas liñas básicas do catecumenado dos tempos clásicos coa acertada intuición de que tales liñas traspasan as culturas do momento e, polo tanto, son aptas para estruturar coa debida actualización, o novo itinerario cara a unha fe adulta.

A Iniciación cristiá, aínda sendo tarefa de toda a comunidade eclesial, despois de selo do Bispo, é responsabilidade principal tamén dos párrocos e dos que se lles equiparan en dereito, coa axuda dos catequistas e doutras persoas. Permítome chamar a atención sobre a importancia decisiva que ten a familia cristiá para a educación da fe dos seus fillos. Non en van, “o testemuño de vida cristiá, ofrecido polos pais no seo da familia, chega aos nenos envolto no cariño e o respecto materno e paterno. Os fillos perciben e viven gozosamente a proximidade de Deus e de Xesús que os pais manifestan, ata tal punto, que esta primeira experiencia cristiá deixa frecuentemente neles unha pegada decisiva que dura toda a vida. Este espertar relixioso infantil no ambiente familiar ten, por iso, un carácter «insubstituíble» (DGC 226). Por iso é preciso que, dende a parroquia e dende as demais instancias da formación da fe, se preste unha atención especial á familia cristiá por tódolos medios posibles

O presente Directorio da Diocese de Mondoñedo-Ferrol constitúe un modesto esforzo nesa mesma dirección. É preciso que todos os educadores da fe comprendan atinadamente a súa inspiración fundamental, asimilen coidadosamente os seus diferentes pasos e se atean fielmente ás súas indicacións. A vosa acollida e aplicación, sen poñer trabas nin atrancos, posibilitará unha mellor Iniciación cristiá, co que alcanzaremos, ou polo menos achegarémonos, ao ideal desexado: formar auténticos cristiáns.

Que o Espírito Santo, axente principal da evanxelización, poña a “música de Deus” nesta letra da súa Igrexa. E que Santa María, Estrela da nova evanxelización, guíe a todos ao coñecemento de Xesucristo único Salvador (Feit. 4,12).

+ Manuel Sánchez Monge,
Bispo de Mondoñedo-Ferrol

Mondoñedo - Ferrol, 13 de setembro de 2009.
Festa de Nosa Señora dos Remedios, Patrona da Diocese

*“Ide e facede discípulos de todos os pobos,
bautizándoos no nome do Pai, e do Fillo, e do Espírito Santo;
e ensinándolles a gardar todo o que vos ensinei” (Mt 28, 19-20).*

Introdución

A Igrexa xa dende sempre preocupouse de iniciar cristiáns. Nos tempos apostólicos aos cristiáns chamábaselles os seguidores do “camiño”, no que foran instruídos (cf Feit. 9,2; 18, 25). Este seguimento foi pasando, nos seus comezos, pola experiencia paradigmática do catecumenado bautismal (s. II-V aproximadamente) e, dende aqueles inicios ata os nosos días, pola transmisión da fe a través da familia, a parroquia e a escola. Foi a parroquia o “lugar” propio da acollida, da catequese e a celebración dos sacramentos da Iniciación cristiá. Nela, tanto os catecúmenos como os que recibían o Bautismo, incorporábanse á Igrexa.

No fondo está a cuestión “que hai que facer para ser cristián” ou “como se fai un cristián” (cf Feit. 2, 37; 8, 37; 11, 26) Ante esta tarefa a Igrexa tratou de responder nos últimos anos marcando pautas, promulgando normativas, poñendo medios e recursos para que nas comunidades parroquiais se ofrecese un itinerario catequético-litúrxico, máis ou menos homoxéneo, de cara á Iniciación cristiá dos nenos e adolescentes. Foi precisamente a partir da reforma litúrxica e catequética xurdida do Concilio Vaticano II, cando cada Igrexa particular tratou de concretar un iter a seguir na celebración dos sacramentos de Iniciación.

Na nosa diocese de Mondoñedo-Ferrol, o último directorio publicouse no ano 1984¹. O devandito directorio, promulgado por Mons. Araújo Iglesias, parte dunha análise da situación da pastoral sacramental, á que lle seguen unhas orientacións teolóxico pastorais, para logo afrontar cada un dos sacramentos da Iniciación, cos seus aspectos teolóxico-pastorais e a normativa correspondente.

Case vinte anos máis tarde, Mons. Gea Escolano, consciente das serias dificultades xurdidas na familia e no ambiente sociocultural á hora de transmitir a fe ás novas xeracións, publica unha ampla reflexión titulada “A catequese base da renovación eclesial”, cunhas “normas pastorais para a preparación dos sacramentos da Iniciación”².

¹– Separata de BOOMF, 12 (1984) 538-567.

²– BOOMF 9-10 (2004) 134-162.

Hoxe en día, ante as novas dificultades que presenta a situación actual e recollendo as valiosas achegas do Maxisterio do Papa e da Conferencia Episcopal Española, xunto coas disposicións doutras dioceses, plasmadas nos seus directorios de Iniciación cristiá, a nosa Igrexa diocesana séntese obrigada a dar novas respostas e abrir novos camiños para acoller a quen se presenta ou é presentado para “ser cristián”. Tamén quere animar a todos os axentes de pastoral, especialmente aos sacerdotes, a que con renovado empeño afronten a misión apaixonante de iniciar na fe e acoller na Igrexa a todo o que pida ser cristián. Son novas e variadas as situacións persoais, familiares e sociais que hai que contemplar e ás que hai que responder dende o evanxeo. Non se pode ser indiferente ante as demandas do noso tempo, por moi novidosas ou difíciles que nos resulten. Do contrario, deixaríamos de ser fieis á misión encomendada polo Mestre.

1. A nosa realidade

Toda a acción evanxelizadora da Igrexa debe partir dun coñecemento da situación e as circunstancias dos destinatarios. Concretamente na nosa diocese de Mondoñedo-Ferrol estamos repartidos en dúas amplas zonas, unha interior e outra costeira, cunha poboación diseminada en numerosos núcleos rurais e noutros semiurbanos e urbanos. Somos esa “porción do pobo de Deus” herdeira dunha longa e frutífera tradición cristiá, que habemos de valorar e agradecer. A ela pertencemos e nela todos os bautizados teñen a oportunidade de sentir e vivir a Igrexa de Xesucristo. Non obstante, por outra banda, sentímonos interpelados polos cambios e transformacións socioculturais do noso tempo, que afectan profundamente ao xeito de vivir e transmitir a fe.

De aí que, habemos de descubrir e tomar conciencia dos “signos dos tempos” que nos interpelan, valorar o positivo, “todo o que *hai de verdadeiro, de nobre, de xusto, de limpo, de amable, de saudable, de virtuoso e de encomiable*” (Fil 4, 8-9); así como tamén recoñecer aquilo que impide, obstaculiza ou se resiste ao mandato do Señor: “*Ide e facede discípulos de todos os pobos*”... (Mt 18, 19).

Con palabras do papa Xoán Paulo II, “*é necesario mirar cara a cara este mundo noso cos seus valores e problemas, as súas inquietudes e esperanzas, as súas conquistas e derrotas*”³. Recollendo algúns trazos xa coñecidos, poderíamos describir a situación do seguinte xeito⁴:

³– Exhortación apostólica Christifideles Laici 3.

⁴– Cf Plan Pastoral Diocesano 2007-2010.

1.1. Trazos preocupantes

Con demasiada frecuencia atopámonos ante:

- Unha fe débil e pouco formada que necesita ser fortalecida para ser vivida, testemuñada, confesada e celebrada.
- Unha Igrexa preocupada por facer presente o evanxeo; pero que se atopa cun gran desinterese e apatía por parte de moitos, facendo que teña a sensación de ser incapaz de afrontar o reto dunha nova evanxelización.
- Unha transmisión da fe que se fai a través da predicación, da catequese, da ERE, etc, que compite en desvantaxe con outras formas de entender a vida.
- Unha carencia preocupante de vocacións á vida laical en xeral, e á vida consagrada e ao ministerio sacerdotal en particular.
- Uns axentes –presbíteros, relixiosos e laicos– entregados con xenerosidade á misión; pero con frecuencia desanimados polos escasos resultados do seu traballo pastoral.
- Unhas familias que, afectadas polas vicisitudes do noso tempo, necesitan máis que nunca ser afianzadas nos valores da unión, o diálogo, a mutua entrega, a educación dos fillos e a transmisión da fe.
- Uns laicos sen conciencia da súa condición de bautizados, adormecidos nunha fe rutineira e unha relixiosidade escasamente formada, incapaces de afrontar o reto do testemuño cristián nun ambiente de increnza.
- Unha multitude de bautizados que viven á marxe da fe da Igrexa, destinatarios dunha nova acción misioneira ou dunha reiniciación cristiá.
- Unha práctica pastoral que, en moitos casos está máis preocupada pola sacramentalización que pola acción misioneira, onde están os máis afastados e incrementes.

1.2. Trazos esperanzadores

Non poderíamos ser realistas na nosa análise se esquecésemos os valores que tamén se detectan como signos positivos do noso tempo, e que poden ser pegadas da presenza e a acción do Espírito:

- Existe unha sede de Deus manifestada por moitas persoas que buscan sinceramente o sentido fondo da súa vida, e que nos reclaman espazos distintos de comunidade e oración.
- Moitas persoas buscan honradamente a súa realización persoal no traballo e nas súas tarefas profesionais, a pesar da inestabilidade e precariedade laboral.
- Segue habendo familias que viven e educan na xenerosidade e no amor, dedicando tempo aos fillos e aos maiores ao seu cargo.
- Crece a busca de independencia e autonomía persoal en moitas persoas, unida ao desenvolvemento do nivel cultural e de información, que lles permite discrepar e coñecer os seus dereitos e deberes sociais, así como un sentido da liberdade fronte á presión social ou a inxustiza.
- Hai un maior sentido da solidariedade ante as desgrazas, as catástrofes, a pobreza... e un compromiso xeneroso cos voluntariados e ONGs.
- Valórase cada vez máis a natureza e hai unha maior conciencia ecolóxica sobre a conservación e a sostibilidade do planeta.
- A paz, a xustiza, a non-violencia son valores que cobraron moita importancia e que animan ao compromiso persoal.
- Os dereitos das persoas e dos colectivos son referentes para moitos, así como unha maior valoración do papel da muller e da súa igualdade de oportunidades en todos os ámbitos.
- Un importante número de laicos que cada vez máis asumen o seu compromiso e reclaman o papel de corresponsabilidade na Igrexa que lles é propio.
- A presenza testemuñal das asociacións de laicos e de movementos apostólicos que, aínda que minoritarios, achegan á nosa diocese unha canle aberta de compromiso laical permanente, asociada e organizada.

1.3. A Iniciación cristiá

A Iniciación cristiá, na que tanto empeño puxo a Igrexa dende sempre, hoxe en día e á vista dos resultados, estanos a esixir unha profunda revisión tanto nos contidos coma nos itinerarios a seguir. Hei aquí algúns datos⁵:

⁵– SECRETARIADOS DE CATEQUESE DE GALICIA, *Non ardía ou noso corazón...? A Eucaristía: Misterio que se ha de crer*, Santiago de Compostela 2007, 4.

- Pais que piden o Bautismo para os seus fillos e non se preocupan da súa educación na fe; ou que xa nin sequera piden o Bautismo nin tampouco a Primeira Comunión. Familias que envían aos nenos á catequese só para facer a Primeira Comunión sen un compromiso de continuidade no proceso de Iniciación.
- Nenos e adolescentes que veñen á catequese, pero que lles custa participar, ou de feito non veñen á Eucaristía do domingo.
- Adolescentes e mozos que, unha vez confirmados, non participan na vida da Igrexa e que xa antes de confirmarse non dan mostras de sentirse vinculado a ela.
- Familias que inscriben aos fillos na catequese, pero non se interesan pola súa educación relixiosa nin pola participación na celebración da fe.
- Pais, catequistas e párrocos que empeñados na educación da fe, viven con preocupación e desánimo esta situación.
- Sacerdotes que persoalmente se senten limitados pola idade e se ven desbordados polo número de parroquias e a falta de catequistas.

A este respecto son clarificadoras as palabras dos nosos bispos:

*“A renovación da Iniciación cristiá é un empeño que compartimos, en unidade de misión, con todos os presbíteros e os diáconos. A colaboración dos catequistas e demais persoas dedicadas a esta pastoral é preciosa e necesaria. Nunca, coma nestes tempos, se dedicaron tantas persoas, esforzos e recursos á catequese e ao ensino da relixión nas escolas; á promoción de movementos infantís e xuvenís; ao coidado da participación na liturxia dominical e á preparación dos sacramentos. Non obstante, a ignorancia relixiosa da doutrina da fe dun bo número dos nosos fieis, a desconexión entre a práctica relixiosa e a conduta moral, a debilidade da presenza dos católicos na sociedade e a escaseza de vocacións á vida consagrada a Deus poñen de manifesto as dificultades da nosa acción evanxelizadora”.*⁶

De aí que nos sintamos obrigados a ofrecer camiños diversificados que respondan á variedade de situacións persoais e sociais de aqueles que, atraídos pola persoa de Xesucristo e o seu evanxeo, queiran responder á súa chamada e iniciar ou reiniciar o seu seguimento na Igrexa.

⁶_ IC 4.

2. A misión de evanxelizar

Evanxelizar é comunicar, transmitir, anunciar, nunha palabra: testemuñar dunha forma vivencial a “boa nova” do Reino de Deus que se fixo presente en Xesucristo. As súas palabras, as súas actitudes, os seus feitos, a súa vida toda, especialmente a súa morte e resurrección, constitúen a irrupción definitiva, á vez que novidosa e inefable, de Deus na historia dos homes. E este acontecemento é a gran noticia traída por Xesús e comunicada pola Igrexa ao longo dos séculos.

2.1. Misión de Xesús

Efectivamente, evanxelizar foi a misión de Xesús. El mesmo é consciente de ser enviado polo Pai para esta misión e así o di expresamente: *“imos a outra parte, aos pobos veciños, para predicar tamén alí, pois para isto vin”* (Mc 1, 38). E cando se aplica a si mesmo a profecía de Isaías: *“O espírito do Señor está sobre min, porque me unxiu para anunciar a boa noticia aos pobres”*... (Lc 4, 18). Así o resume o Directorio Xeral para a Catequese:

“Xesús foi o primeiro e máis grande evanxelizador. Anunciou o Reino de Deus, como nova e definitiva intervención divina na historia, e definiu este anuncio como “o evanxeo”, é dicir, a boa noticia. A el dedicou toda a súa existencia terrea”.⁷

2.2. Compromiso da Igrexa

Evanxelizar tamén é dende sempre a misión da Igrexa. Unha misión que é a mesma de Xesús e que nace do seu mandato e envío: *“Ide por todo o mundo e anunciade o evanxeo a toda a creación”* (Mc 16, 15). Recordóunolo hai anos o papa Paulo VI na súa “carta magna” sobre a evanxelización do mundo contemporáneo, cando dixo: *“evanxelizar constitúe a dita e vocación propia da Igrexa, a súa identidade máis profunda; ela existe para evanxelizar”*⁸. A Igrexa, pois, está chamada a saír de si mesma e evanxelizar, recuperando o seu sentido misionero.

2.3. Acción do Espírito

Engade máis adiante o Papa que esta misión non depende só nin principalmente do empeño dos cristiáns, nin dos seus recursos, métodos ou estratexias,

⁷– DGC 34.

⁸– EN 14.

senón que ante todo “o *Espírito é o axente principal da evanxelización*”⁹, a quen hai que invocar e por quen hai que deixarse guiar. Só El “*fai aceptar e comprender a palabra de salvación*”¹⁰

En definitiva, a evanxelización é unha realidade rica e complexa que comeza co testemuño, séguelle o anuncio explícito, a adhesión de corazón, a entrada na comunidade, a celebración da fe e os sacramentos, e o compromiso misionero¹¹. Concretando poderíamos dicir que a evanxelización realízase a través de:

- O testemuño, que é presenza, acollida, escoita e transformación.
- A palabra, que é anuncio do evanxeo, catequese e formación.
- A liturxia, que é oración e celebración da fe e os sacramentos.
- A comunión de vida, que é fraternidade e participación na comunidade.
- O servizo, que é caridade, solidariedade, promoción e transformación.

2.4. Etapas

Estas son as etapas típicas que constitúen o proceso de evanxelización, á vez sucesivas e interrelacionadas¹²:

- a. A **acción misionera ou primeiro anuncio**, dirixida aos non crentes e indiferentes, ou aos bautizados non convertidos ou afastados da fe, a finalidade da cal é a conversión inicial. No caso dos nenos é o “esperar relixioso”.
- b A acción **catecumenal** ou **catequética**, que comprende a iniciación e afondamento da fe a través do catecumenado ou a catequese sistemática e a celebración dos sacramentos de Iniciación.
- c. E a **acción pastoral**, os destinatarios da cal son os fieis cristiáns xa iniciados, que viven e alimentan a súa fe no seo da comunidade cristiá, sên-

⁹– EN 75.

¹⁰– Idem.

¹¹– Cf EN 21-24.

¹²– Cf DGC 47.

tense membros corresponsables nesta e son enviados ao mundo para dar testemuño e participar na misión evanxelizadora da Igrexa.

2.5. Nova evanxelización

En moitos países de tradición cristiá dáse unha situación ambigua e ata contradictoria: bautizados que perderon o sentido vivo da fe ou non se recoñecen como membros da Igrexa, levando unha existencia afastada de Cristo e do seu Evanxeo. Esta situación require unha **nova evanxelización**, onde o primeiro anuncio e a catequese constitúen unha opción prioritaria¹³. É Xoán Paulo II quen acuña o termo: a evanxelización ha de ser *“nova no seu ardor, nos seus métodos e na súa expresión”*¹⁴. E, anos máis tarde, explícitao referíndose máis en concreto á nosa realidade con estas palabras: *“Europa pasou a formar parte daqueles lugares tradicionalmente cristiáns nos que, ademais dunha nova evanxelización, se impón en certos casos unha primeira evanxelización (...). No ‘vello’ Continente existen tamén amplos sectores sociais e culturais nos que se necesita unha verdadeira e auténtica misión ‘ad xentes’.* Ademais, *por todas partes é necesario un novo anuncio mesmo aos bautizados”*.¹⁵

E o noso Bispo, na súa carta *pastoral “A Diocese, familia grande e acolledora”*¹⁶, instanos a afrontar decididamente unha **pastoral evanxelizadora** dirixida a suscitar a fe nos ambientes dominados pola increnza e a consolidar a fe debilitada do pobo cristián. Unha chamada que non pode conformarse cunha pastoral de mínimos, que ha de revisar a catequese e coidar especialmente a Iniciación cristiá, potenciando particularmente a catequese de adultos, que esixe unha forte renovación espiritual, eclesial e apostólica por parte dos axentes, coidando especialmente as actitudes de diálogo e servizo, e potenciando o testemuño cristián.

É precisamente neste contexto dunha pastoral evanxelizadora onde temos que situar hoxe a Iniciación cristiá. Non como unha institución estática e inmutable que poña a norma por enriba da persoa e non ao seu servizo, senón máis ben como unha tarefa compartida que xurda da inquietude e a paixón dunha Igrexa que, sabendo que *“sempre ten necesidade de ser evanxelizada”*¹⁷, séntese chamada a evanxelizar, particularmente aos pobres no sentido amplo do

¹³– Idem 58.

¹⁴– Discurso na súa viaxe apostólica a Haití, ano 1983.

¹⁵– Ecclesia in Europa, 46 e 47.

¹⁶– Ver BOOMF, 1-3 (2007) 9-72.

¹⁷– EN 15.

termo, dende a acollida, a escoita, o diálogo, o acompañamento, o testemuño, o anuncio explícito de Xesucristo e a integración na comunidade.

3. A iniciación cristiá

Se a misión da Igrexa, como acabamos de ver, é evanxelizarse e, máis en concreto, “facer cristiáns” (parafraseando a coñecida afirmación de Tertuliano: “*o cristián non nace, faise*”), habemos de formularnos con claridade que é e en que consiste a Iniciación cristiá e actuar en consecuencia.

3.1. Natureza da Iniciación cristiá

Ninguén mellor que a mesma Igrexa, “*nai e mestra*” na fe, nos pode definir a Iniciación cristiá a través do seu Maxisterio. No Catecismo da Igrexa Católica defínese así a Iniciación cristiá:

“Dende os tempos apostólicos, para chegar a ser cristián séguese un camiño e unha iniciación que consta de varias etapas. Este camiño pode ser percorrido rápida ou lentamente. E comprende sempre algúns elementos esenciais: o anuncio da Palabra, a acollida do Evanxeo que leva á conversión, a profesión de fe, o Bautismo, a efusión do Espírito Santo, o acceso á comunión eucarística” (CCE 1229).

No documento sobre a Iniciación cristiá dos bispos españois dise:

- *“A Iniciación cristiá é un don de Deus que recibe a persoa humana pola mediación da nai Igrexa”.*
- *“Deus ten a iniciativa e a primacía na transformación interior da persoa e na súa integración na Igrexa”.*
- *“O home, auxiliado pola graza, responde libre e xenerosamente ao don de Deus, percorrendo un camiño de liberación do pecado e de crecemento na fe ata sentar na mesa eucarística”.*
- *“Esta iniciativa gratuíta e antecedente do Pai vérifícase nas palabras e accións que Xesucristo resucitado realiza na Igrexa, Esposa súa e Nai nosa; e na acción do Espírito Santo que inspira, ilumina, guía e conduce ao que é chamado a entrar na comunión da vida trinitaria (...) A Iniciación cristiá, polo tanto, ha de entenderse en primeiro termo como obra da Santísima Trindade na Igrexa (...) A Igrexa é a mediación querida por Deus”...”.*

- *“De aí que a Iniciación cristiá se leve a cabo en verdade no curso dun proceso realmente divino e humano, trinitario e eclesial”.*
- *“A Iniciación cristiá é a expresión máis significativa da misión da Igrexa e, como se indicou xa, constitúe a realización da súa función maternal, ao xerar á vida os fillos de Deus”.*
- *“A Iniciación cristiá é a inserción dun candidato no misterio de Cristo, morto e resucitado, e na Igrexa por medio da fe e os sacramentos”¹⁸.*

Resumindo, a Iniciación cristiá é:

- un don de Deus;
- que pide a resposta do home;
- é obra da Santísima Trindade;
- que require a función maternal da Igrexa.

En definitiva, trátase dun *“proceso divino e humano, trinitario e eclesial”*¹⁹ que parte da conversión persoal, afóndase e madura na catequese, e exprésase na celebración dos sacramentos de iniciación: o Bautismo (sacramento do novo nacemento), a Confirmación (sacramento do crecemento na fe) e a Eucaristía (sacramento que alimenta a fe e expresa a súa plenitude).

Comprende estas **etapas**²⁰

1. O **anuncio** misioneiro ou **primeiro anuncio** (precatecumenado para os non bautizados, precatequese para os bautizados non convertidos ou espertar relixioso no caso dos nenos), a **aceptación** do evanxeo e a **conversión** inicial.
2. O **catecumenado** (para os non bautizados) ou a **catequese** (para os bautizados), para afondar e madurar na conversión, e a finalidade da cal é a confesión de fe.

18_ IC 9-19.

19_ IC 12.

20_ Cf RICA 4-39.

3. A celebración dos **sacramentos de Iniciación**: Bautismo, Confirmación e Eucaristía.
4. A entrada na **comunidade cristiá** da que se pasa a formar parte como membro adulto e corresponsable.
5. A catequese **mistagóxica**, a finalidade da cal é coñecer e afondar (“saborear”) os dons recibidos e así medrar na asimilación dos “misterios” celebrados²¹.

3.2. Lugares e funcións eclesiais da Iniciación cristiá²²

a) Lugares:

O lugar propio é a **Igrexa particular**, na que o Bispo é mestre na fe e verdadeiro responsable da Iniciación cristiá, destacando a **Igrexa catedralicia**, sede episcopal e Igrexa nai de todas as parroquias da diocese. Os outros lugares ou ámbitos son os seguintes:

- **A parroquia** é o lugar propio e principal á vez que máis inmediato. É o lugar privilexiado para a transmisión e educación na fe en todas as súas dimensións: coñecer, vivir, orar, celebrar e anunciar; “*a comunidade cristiá é en si mesma catequese vivente*”²³. É na parroquia onde se realiza e fai visible a comunidade cristiá na que están presentes todas as mediacións esenciais da Igrexa de Cristo.
- **A familia** que é a “*Igrexa doméstica*”²⁴ nacida do sacramento do matrimonio. Nela os pais, e en bastantes casos os avós, son os primeiros e principais educadores dos seus fillos, mediante a palabra e o exemplo das súas vidas²⁵.
- **A Acción Católica e as asociacións e movementos laicais** son os medios subsidiarios e complementarios da Iniciación cristiá, que ofrecen

²¹ Sobre a catequese mistagóxica cabería esta definición descriptiva: “a última etapa, tradicionalmente realizada no tempo pascual, dedícase á catequese mistagóxica, é dicir, á profundización na nova experiencia dos sacramentos da comunidade. É a etapa dos neófitos” (VV.AA., *Novo Dicionario de Catequética*, Ed. San Pablo, Madrid 1999, p 288).

²² Cf IC 33-38.

²³ DGC 141.

²⁴ LG 11.

²⁵ Cf FC 39.

unha peculiar experiencia eclesial e un espazo comunitario para o crecemento da fe.

- **A escola católica:** lugar relevante para a educación humana e cristiá, a formación integral da persoa en orde ao seu fin último e ao ben común da sociedade.
- **O ensino relixioso escolar:** ten unha misión evanxelizadora, á vez que complementa a acción catequética, podendo contribuír deste modo aos obxectivos da Iniciación cristiá dos nenos e adolescentes.

b) Funcións: catequese (función evanxelizadora) e **liturxia** (función mistagóxica) constitúen dúas dimensións dunha mesma realidade.

– **A catequese da Iniciación cristiá, entendida como:**

“A etapa ou período intensivo do proceso evanxelizador na que se capacita basicamente aos cristiáns para entender, celebrar e vivir o evanxeo do Reino, ao que deron a súa adhesión, e para participar activamente na realización da comunidade eclesial e no anuncio e difusión do evanxeo. Esta formación cristiá –integral e fundamental– ten como meta a confesión de fe”²⁶.

A **catequese** constitúe, pois:

- unha **formación orgánica e sistemática** da fe;
- unha **formación básica**, esencial, centrada no nuclear **da experiencia cristiá**;
- un **ensino significativo** que achega o sentido último á existencia humana e ilumínaa;
- unha *“iniciación básica integral”* para o **seguimento de Cristo** e a **integración na comunidade eclesial**;
- un **proceso** de **maduración e crecemento na fe** cun desenvolvemento gradual;
- unha mediación: o **catequista**, chamado pola Igrexa, destacará pola súa madurez humana, cristiá e apostólica;

²⁶_ CC 34.

– unha metodoloxía que se inspira na mesma **pedagogía de Deus** ao longo da historia da Salvación, aberta aos **distintos métodos** –indutivo, dedutivo, existencial, kerigmático, etc.–, dando lugar á actividade, a creatividade, o diálogo, a reflexión, o silencio, a oración e a memorización das principais fórmulas de fe.

A **liturxia** na Iniciación cristiá, achega estes elementos:

- os sacramentos do **Bautismo**, da **Confirmación** e da **Eucaristía**, esta como “fonte” e “cume” da Iniciación, xunto coas celebracións da Palabra de Deus e os escrutinios; tamén a **Penitencia** para os que foron bautizados;
- o Bautismo, a Confirmación e a Eucaristía gardan entre si unha **íntima unidade**, dentro das peculiaridades das **lexítimas tradicións litúrxicas de Oriente**, que se administran xuntos na mesma celebración, tanto no caso dos adultos coma no dos que acaban de nacer; e **Occidente**, que no caso dos párvulos bautizados, por razóns pastorais, os restantes sacramentos confírense en celebración distintas no tempo, mantendo, non obstante, a súa unidade, a non ser no Bautismo de adultos²⁷.

“A este respecto –dinos o Papa Benedicto XVI– é necesario poñer atención no tema da orde dos Sacramentos da iniciación. Na Igrexa hai tradicións diferentes. Esta diversidade maniféstase claramente nos costumes eclesiais de Oriente, e na mesma praxe occidental polo que se refire á iniciación dos adultos, a diferenza da dos nenos. Non obstante, non se trata propiamente de diferenzas de orde dogmática, senón de carácter pastoral. Concretamente, é necesario verificar que praxe pode efectivamente axudar mellor aos fieis a poñer de relevo o sacramento da Eucaristía como aquilo ao que tende toda a Iniciación (cf. 1 P 3,15)”.²⁸

- os sacramentos de Iniciación precisan ir acompañados por unha **catequese presacramental e mistagóxica**;
- o **ano litúrxico** é o marco propio da Iniciación cristiá, especialmente o ciclo de Pascua (Coresma e Cincuentena pascual), e o domingo, “fundamento e núcleo do ano litúrxico” e día propio para celebrar os sacramentos de iniciación.

²⁷– RICA, 1-67.

²⁸– Sacramentum Caritatis 18.

- a mesma **celebración litúrxica** contribúe de xeito decisivo á formación da fe dos fieis, avivando e nutrindo esa mesma fe.

3.3. Axentes

- O **bispo**: *“ten a máxima responsabilidade da catequese na Igrexa”*²⁹. Como pastor e primeiro evangelizador, mestre da fe, dotado do carisma da verdade³⁰ e principal dispensador dos misterios de Deus, é a máxima autoridade na Iniciación cristiá na diocese, coordinando os diversos elementos que a compoñen, determinando os seus contidos e funcións, e regulando o seu proceso.
- O **sacerdote**: *“aos párrocos toca atender ao coidado pastoral e persoal dos catecúmenos... impartíndolles a catequese axeitada”*³¹ *con axuda doutros. Na súa comunidade o párroco como pastor é o primeiro responsable e educador da fe, “catequista de catequistas”*³². Aínda que non dea el a catequese, ha de acompañar de preto o labor xa que *“a calidade da catequese depende en grandísima medida da presenza e acción do sacerdote”*³³ suscitando a responsabilidade de toda a comunidade na tarefa catequética, procurando a formación dos catequistas, vinculando a acción catequética ao bispo e ás directrices diocesanas.
- O **catequista**: *“a figura do catequista é básica” e na catequese exerce “unha función eclesial relevante”*³⁴, non a título privado ou por iniciativa propia, senón en nome da Igrexa e enviado por ela. Ademais dunha madurez humana, *“estará dotado dunha fe profunda, dunha clara identidade cristiá e eclesial e dunha fonda sensibilidade social”*³⁵. En definitiva, unha vocación, xa que se sente chamado por Deus, participa na misión de Xesús, Mestre, é movido polo Espírito dentro da Igrexa e ao servizo dos homes³⁶. Este ministerio eclesial non se improvisa. Esixe unha

²⁹_ DGC 136; CT 63; CD 14

³⁰_ LG 25; DV 8.

³¹_ RICA 45.

³²_ DGC 225.

³³_ Idem.

³⁴_ IC 44.

³⁵_ DGC 237.

³⁶_ Cf CF 47-87

iniciación e unha formación permanente que o capaciten para a misión encomendada da transmisión da fe.

- **A comunidade cristiá:** *“a comunidade cristiá é a orixe, lugar e meta da catequese. Da comunidade cristiá nace sempre o anuncio do evanxeo, invitando aos homes e mulleres a converterse e seguir a Xesucristo. É esa mesma comunidade a que acolle aos que desexan coñecer ao Señor e internarse nunha vida nova”*³⁷. Para levar a cabo esta misión, é necesario que cada comunidade parroquial, lugar concreto onde se vive a pertenza eclesial e se experimenta a presenza da Igrexa de Cristo, tome conciencia do seu papel imprescindible na acollida e acompañamento no proceso da Iniciación cristiá.
- **Os pais:** os pais de familia son evidentemente *“os primeiros e principais educadores dos fillos”*³⁸. Xa no sacramento do matrimonio e posteriormente no bautismo dos seus fillos adquiriron o compromiso de educalos na fe. Así, *“mediante o testemuño da súa vida, son os primeiros mensaxeiros do evanxeo” ante os fillos*³⁹. Esta tarefa necesaria e imprescindible pódese exercer de varias maneiras: no fogar levando a cabo o esperar relixioso ou facendo un seguimento da catequese dos seus fillos; na comunidade parroquial, a través das reunións de formación de pais ou da catequese de adultos; tamén tomando parte activa na catequese dos seus propios fillos como catequistas, etc.

3.4. Pastoral vocacional⁴⁰

A Iniciación cristiá, está chamada a provocar o compromiso cristián ao **descubrir as diversas vocacións e os distintos servizos eclesiais**. Concretamente, a formularse unha posible chamada ao ministerio ordenado ou á vida consagrada, así como ao estado do matrimonio

Os diversos modos de seguimento de Xesucristo no servizo da comunidade eclesial e dos homes, dependen da chamada que Deus fai a cada un a entrar en comunión con El mediante o proceso de Iniciación cristiá.

Polo tanto, non habemos de ter medo a propoñer aos nenos e mozos das nosas parroquias, colexios e grupos que están a realizar o itinerario da Iniciación

37_ DGC 254

38_ FC 40.

39_ Idem 39.

40_ Sobre a catequese na adolescencia-xuventude, ver en DGP 181-185.

cristiá, a santidad como meta das súas vidas, recordándolles mesmo os exemplos de seguimento de Xesucristo protagonizados por rapaces da súa mesma idade dos que foi recoñecida a súa santidad e proclamada pola Igrexa.

Convén, pois, vincular **a pastoral xuvenil en clave evanxelizadora e vocacional** á Iniciación **cristiá**, de maneira que desta se pase a aquela. É o mellor modo de evitar a confusión entre ambas as dúas actividades e que unha suplante á outra. O obxectivo é lograr que, ao concluír o proceso da Iniciación, os adolescentes e mozos se incorporen a grupos parroquiais, arci-prestais ou diocesanos para continuar a súa formación e iniciarse na tarefa apostólica.

4. Procesos de iniciación

Cada Igrexa particular ha de concretar o itinerario a seguir en canto á Iniciación cristiá, baixo a autoridade do Bispo. Dadas as situacións tan diversas e contrapostas dende o punto de vista persoal, familiar e social, ás que nos diriximos para anunciar o evanxeo e suscitar a conversión a Xesucristo, hoxe a Igrexa vese obrigada a presentar, dentro dun mesmo proxecto evanxelizador e catecumenal, distintos camiños de Iniciación cristiá.

4.1. Proceso catecumenal para os non bautizados

Ademais da análise exposta ao comezo sobre a situación da fe e as novas circunstancias que afectan esencialmente á súa transmisión e vivencia, engadimos os seguintes trazos que nos obrigan a **novas formulacións da Iniciación cristiá**, ata agora apenas tomados en conta. Por exemplo:

- a indiferenza relixiosa, a incredulidade ambiental e o materialismo absorbente, conmoven os mesmos fundamentos relixiosos, e esixen un redescubrimento da identidade cristiá;
- cada vez aumenta máis o número dos non bautizados de nenos que, ben ao chegar ao uso de razón, ou na xuventude ou a adultez, piden o bautismo;
- a conciencia de que non se é cristián só polo rito do bautismo, senón tamén por convicción persoal, conversión, é cada vez máis clara;
- séntese dende a Igrexa a necesidade e urxencia dunha evanxelización “ad intra” e “ad extra”, que renove e consolide a fe e conversión persoal, que autentique a comunidade cristiá.

Nunha sociedade cada vez máis globalizada e diversificada, onde ser cristián supón facer unha opción persoal, reflexionada e á vez verificada no testemuño da propia vida, a Igrexa nos últimos anos recuperou a antiga práctica do **Catecumenado bautismal**.

a. O Catecumenado

É “*unha das expresións máis xenuínas e significativas da misión da Igrexa*”⁴¹. É a institución da Iniciación cristiá que inclúe todo un proceso educativo e identificador da fe, dirixido a “convertidos non bautizados”, que inclúe elementos doutrinais e morais, enmarcado nunhas etapas que culminan na celebración dos sacramentos de Iniciación e a entrada na comunidade cristiá. Todo iso no contexto dunha Igrexa minoritaria dos séculos II ao V, inserida nunha sociedade na que predominaba o paganismo.

*“A Conferencia Episcopal Española –din os bispos–, atendendo estas indicacións da Igrexa, e consciente dos desafíos actuais que proveñen da situación da fe dos bautizados e o número cada vez maior de adultos e nenos en idade escolar que queren coñecer ao Señor e ser bautizados, considera que a restauración do catecumenado nas nosas igrexas é unha oportunidade que Deus nos concede para a renovación da vida da Igrexa e unha ocasión para mostrar a todos a fe que ela recibiu (cf. LG 1; IC 3). O catecumenado é unha das expresións máis xenuínas e significativas da misión da Igrexa, pois trata de conducir aos homes á fe mostrándolles, no anuncio do Evanxeo e na celebración dos sacramentos, o camiño da salvación. Á súa vez, a Igrexa vese renovada e enriquecida polos novos crentes, que son sempre un signo da vitalidade do Evanxeo”*⁴².

b. Estrutura

- Os compoñentes fundamentais do catecumenado son:
- A iniciativa e o don de Deus que é acollida polo home. En definitiva, un proceso divino e humano, trinitario e eclesial.
- A mediación da Igrexa e a presenza da comunidade eclesial, que ten como misión xerar, coidar, alimentar e axudar a medrar aos novos cristiáns.

41_ OPC 1.

42_ Idem 5.

- Un itinerario litúrxico, catequético e espiritual; un camiño de conversión e crecemento na fe que se desenvolve no seo da comunidade cristiá.
- A celebración dos sacramentos da Iniciación cristiá.

c. Etapas e tempos⁴³

Anuncio misioneiro e precatecumenado
<ul style="list-style-type: none"> - Anuncio do evanxeo do que xermolará a fe e a conversión inicial. - Ingreso no grao dos catecúmenos; - Busca da verdade, o sentido da vida e discernimento do desexo e motivación para pedir o bautismo.
Tempo de catecumenado
<ul style="list-style-type: none"> - Tempo de asentamento e maduración na fe que acaba coa celebración do rito de admisión; - O catecúmeno recibirá unha catequese que o introducirá no coñecemento do misterio da salvación, na práctica da vida cristiá, no exercicio da caridade, na oración e a celebración litúrxica, e no testemuño de vida.
Tempo da purificación e a iluminación
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvólvese ordinariamente durante a Coresma; - Ten preferentemente un carácter espiritual e ascético; - Ademais da entrega do Símbolo da fe e do Nosopai, lévanse a cabo diversos ritos, escrutinios e exorcismos.
Tempo da mistagogía
<ul style="list-style-type: none"> - Ten lugar durante a Pascua; - Afóndase na experiencia nova dos sacramentos recibidos, mediante as explicacións e a recepción frecuente dos mesmos; - Preténdese unha intelixencia máis plena e frutuosa, unha experiencia espiritual e un compromiso e unha responsabilidade propios do cristián.

⁴³ Cf OPC 13-16.

D. Contidos⁴⁴

Os contidos son os propostos polo Catecismo da Igrexa Católica, segundo os criterios do Directorio Xeral para a Catequese:

- catequese básica e integral o obxectivo da cal é conducir ao coñecemento do misterio da salvación;
- iniciación e educación na liturxia e na oración, participando na liturxia da Palabra;
- aprendizaxe da vida cristiá como indicador da conversión do candidato;
- capacitación para vivir en comunidade e participar na vida e a misión da Igrexa.

Velaquí o esquema deste proceso:



e. Destinatarios⁴⁵

- **Adultos**, maiores de 18 anos.
- **Adolescentes e mozos** entre 13 e 18 anos.
- **Nenos** entre 7 e 12 anos.

Para levar a cabo o proceso Catecumenal, o Bispo diocesano instituirá o **Catecumenado bautismal** na diocese e terase en conta o RICA⁴⁶ e as Orien-

⁴⁴ Idem 17-23.

⁴⁵ Idem 28-31.

⁴⁶ Ritual de Iniciación Cristiá de Adultos.

tacións pastorais da CEE⁴⁷. O director ou responsable do Catecumenado, nomeado para tal efecto, xunto co seu equipo, elaborarán as directrices e o programa catequético-litúrxico a seguir en toda a diocese coa aprobación do Bispo.

4.2. Proceso de iniciación cristiá con nenos e adolescentes bautizados

Convén ter en conta, á hora de afrontar na práctica pastoral a catequese e a celebración dos tres sacramentos de Iniciación cristiá, Bautismo, Confirmación e Eucaristía, o seguinte:

“A celebración destes sacramentos –din os nosos bispos–, aínda dentro das peculiaridades das lexítimas tradicións litúrxicas de Oriente e de Occidente, confire unha unidade que se proxecta sobre todo o proceso da Iniciación cristiá. En Oriente os sacramentos da Iniciación adminístranse xuntos na mesma celebración, tanto no caso dos adultos coma no dos que acaban de nacer. En Occidente esta práctica non variou para a Iniciación dos adultos, se ben no caso dos que son bautizados de párvulos, a Igrexa admitiu por motivos pastorais que os restantes sacramentos se confiran en celebración distintas no tempo, mantendo, non obstante, a unidade orgánica e o principio da ordenación mutua dos sacramentos de iniciación”⁴⁸.

a. Descrición deste proceso

Pártese do sacramento do **Bautismo recibido** pouco tempo despois do nacemento.

- Esixe o **espertar á fe** no ámbito da familia e da comunidade cristiá.
- O proceso catequético comeza propiamente en torno aos 6 anos ata os 16 máis ou menos, a súa finalidade é a **iniciación, afondamento e personalización da fe bautismal**. Un proceso que, no posible, ha de ser continuado ao longo de todo este período.
- Nesta etapa ten lugar a celebración dos sacramentos da **Eucaristía** e a **Confirmación**.
- Hai que contar necesariamente cos **pais** e as **familias**, en canto á acollida, á implicación, ás reunións de formación, mesmo á “catequese familiar”.

⁴⁷_ OPC e OPICNNBI

⁴⁸_ IC 46.

- É imprescindible capacitar e acompañar **catequistas** que acollan e, á súa vez, acompañen, formen e dean testemuño da fe que transmiten.
- A **parroquia** ten que implicarse e ser de verdade unha comunidade cristiá de acollida e de referencia para os nenos e adolescentes.

Velaquí o esquema deste proceso:

ETAPA VITAL	INFANCIA			ADOLESCENCIA	
OBXETIVO CATEQUÉTICO	ESPERTAR á FE	INICIAR na FE	PERSONALIZAR a FE		
IDADES CURSOS	0 – 6 anos	7 – 9 anos	9 – 12 anos	12 – 13 anos	14 – 17 anos
ETAPA	PRECOMUÑÓN – COMUÑÓN – POSCOMUÑÓN		PREADOLESCENCIA	CONFIRMACIÓN	
OPCIÓNS	“Catequese familiar”		Mvts. JUNIOR AC / “SCOUTS” (MSC) E OUTROS Actividades de Tempo Libre / Pastoral Xuvenil		
DESTINATARIOS	país – nenos	país – nenos	nenos	preadolescentes	adolescentes
AXENTES	catequistas – educadores – país – comunidade cristiá				

b. Normativa

O sacramento do BAPTISMO

“Polo Bautismo somos liberados do pecado e rexenerados como fillos de Deus, chegamos a ser membros de Cristo e somos incorporados á Igrexa e feitos partícipes da súa misión” (CEC 1213).

1. Responsabilidade dos pais

O sacramento do Bautismo, administrado aos nenos ao pouco tempo de nacer, debe considerarse como **o comezo do proceso de Iniciación cristiá**, que se completará coa educación da fe e a celebración dos demais sacramentos. Responsables de que se realice este proceso serán, en primeiro lugar, os pais, tamén os padriños e a comunidade cristiá⁴⁹.

⁴⁹– Cf Ritual do Bautismo de Nenos, Prenot. 3.8.,9.15; Ritual do Matrimonio, Prenot. 11, 76-77.

2. Preparación dos pais

Os pais deben comunicar á parroquia á que pertencen, con antelación abunda, o desexo de que o seu fillo sexa admitido ao sacramento do Bautismo, co fin de dispoñer do **tempo necesario para a preparación**.

Non se deberá proceder ao bautismo de nenos, fóra de perigo de morte, sen realizar unha **catequese previa** cos pais, co fin de esclarecer as súas motivacións, o seu compromiso de fe eclesial e da educación cristiá dos seus fillos, así como para a explicación da liturxia bautismal. Tamén os padriños participarán nesta preparación, xa que *“a acollida dos pais e padriños reviste unha grande importancia, e non debería reducirse a unha simple preparación cerimonial da celebración do bautismo dos seus fillos”*⁵⁰.

En moitos lugares, o máis práctico será a visita á familia. Nas parroquias máis poboadas poderán organizarse periodicamente reunións prebautismais.

Con respecto aos padriños recórdase a normativa vixente, que entre outras condicións, hai que ter presentes as seguintes: *ter cumpridos os dezaseis anos, ser católico, estar confirmado, levar unha vida congruente coa fe e a misión que vai asumir*.⁵¹

3. Lugar de celebración

Será a **comunidade parroquial** onde residen os pais. Se por algunha razón o sacramento se ha de celebrar noutra parroquia, ha de constar que os pais recibiron a debida preparación. No caso contrario, facilitaráselles, tendo en conta todos estes criterios xerais.

A natureza deste sacramento, como en todos os sacramentos, pide que a **súa celebración sexa comunitaria**, o que se define non tanto polo número de bautizados, como pola participación e celebración activa da comunida-

de parroquial, o cal non significa que necesariamente teña que celebrarse na Eucaristía dominical.

4. Tempo de celebración

Recoméndase en sábados e domingos, coa participación da asemblea cristiá. Tempo bautismal por excelencia é **o Pascua**, no que adquire maior actualidade a incorporación dos bautizados ao misterio pascual de Xesucristo. Polo menos, os nados en Coresma deberían ser bautizados na Noite de Pascua ou

⁵⁰_ IC 76.

⁵¹_ CIC c. 874.

o Domingo de Resurrección, seguindo a antiquísima tradición da Igrexa. Non obstante, nos casos de situacións de irregularidade dos pais con respecto ao matrimonio canónico, a xuízo do párroco, pódense facer excepcións e celebralo nun ámbito de máis privacidade.

5. Casos especiais

Cando **pais pouco crentes, practicantes ocasionais** ou **afastados da comunidade cristiá**, piden o Bautismo para os seus fillos, é necesario dedicarlles **atención especial**, mantendo con eles os encontros que sexan necesarios co fin de obter, por medio da acollida e o diálogo comprensivo e catequético, suficientes garantías de que o neno, unha vez bautizado, recibirá a educación cristiá esixida polo Sacramento.

Sempre que existan garantías razoables para unha posterior educación na fe e a vida cristiá, non se deberá rexeitar nin diferir o bautismo. Esta garantía han de ofrecela os pais, como primeiros e principais educadores dos seus fillos. Só subsidiariamente poderán suplilos, cando eles nin se comprometen nin se opoñen, familiares próximos ou os padriños. Nalgún caso especial, poderá asumir esta suplencia a mesma comunidade cristiá a través dalgún catequista ou segrar comprometido coa Igrexa. Este principio xeral ha de aplicarse cando os pais se atopan en **situacións canonicamente irregulares**.

Nas situacións en que os pais non estean debidamente preparados, a demora do bautismo dos seus fillos non debe considerarse como un medio de presión ou castigo, nin deben darse motivos para esta interpretación. Só está xustificada polo diálogo necesario para facer progresar á familia na fe e axudarlles a tomar maior conciencia das súas responsabilidades.

6. Catequese bautismal

Á mellor comprensión destas normas axudará o desenvolvemento na comunidade dunha constante **catequese sobre o sacramento do Bautismo**⁵², o seu significado, as súas implicacións e esixencias e a súa relación cos demais sacramentos. Os obxectivos da catequese bautismal poden ser:

- 1) Axudar a reflexionar aos pais sobre a situación da súa fe e as motivacións da petición do Bautismo.
- 2) Suscitar a conversión e a adhesión global ao Evanxeo, cando se trata de pais indiferentes ou afastados.

⁵² Cos pais pódense utilizar, entre outros, os seguintes recursos catequéticos dos Secretariados de Catequese de Galicia: “O Bautismo do noso fillo” e “Espertar relixioso”, coas súas guías pedagóxicas.

- 3) Reavivar nos pais e padriños unha fe máis consciente e activa.
- 4) Asegurar a fecundidade do sacramento do Bautismo tanto respecto á educación na fe dos nenos (identidade cristiá) como na incorporación á comunidade parroquial para a construción dunha Igrexa comunitaria e evanxelizadora (identidade eclesial).
- 5) Explicar o sentido do sacramento do Bautismo e o seu Ritual.

Tamén axudará a revalorizar o Sacramento do Bautismo a participación da comunidade na súa celebración e a seriedade con que se aborde o proceso da Iniciación cristiá dende a catequese da comunidade, en conexión coa familia.

7. Espertar relixioso

O espertar relixioso é consecuencia do Bautismo recibido e condición necesaria para a posterior catequese de Iniciación cristiá. Pastoralmente, pois, é primordial que se manteña unha **relación directa e frecuente cos pais e as familias**, a través do encontro persoal, o recordo no aniversario do Bautismo, a celebración da presentación dos bautizados na festa litúrxica da Presentación do Señor, etc., así como facilitar elementos catequéticos e oracionais para axudar ás familias neste cometido⁵³.

Este espertar relixioso, ao que o neno bautizado ten dereito, por desgraza non se dá sempre no seo das familias, con grave detrimento para a construción da personalidade crente. Esta ruptura da tradición educativo-cristiá, ata fai pouco mantida de modo xeral no seo das familias, esixe unha vigorosa acción da Igrexa nos tempos actuais.

O sacramento da EUCARISTÍA

“A Sagrada Eucaristía culmina a Iniciación cristiá. Os que foron elevados á dignidade do sacerdocio real polo Bautismo e configurados máis profundamente con Cristo pola Confirmación, participan por medio da Eucaristía con toda a comunidade no sacrificio mesmo do Señor” (CCE 1322).

“A Eucaristía é fonte e cume de toda a vida cristiá (CCE 1324).

⁵³ É aconsellable utilizar a publicación da subcomisión Episcopal de Catequese “*Os primeiros pasos na fe*”. Tamén os Secretariados de Catequese ofrecen recursos e medios ao respecto.

1. Catequese previa

Para a participación nos Sacramentos é necesario e imprescindible que os nenos teñan **certo grao de madureza** garantido, dalgún xeito, pola idade, o nivel de estudos e o proceso catequético desenvolvido. Non obstante, hai que ter en conta particularmente e con especial atención aos minusválidos psíquicos, o que require unha adaptación á súa capacidade de comprensión e vivencia da fe.

A Catequese de Primeira Comunión supón e reclama **unha catequese global** previa, de iniciación á fe, sobre os **temas fundamentais da mensaxe cristiá**.

Dentro deste proceso de Iniciación cristiá, ordinariamente insírese o **espartar relixioso do neno** (6-7 anos) e os **dous cursos de catequese de preparación á Primeira Comunión** (7-8 e 8-9 anos) como un momento catequético forte, que necesita unha especial atención.

Pódese usar como recuso catequético para o espartar relixioso na familia e na parroquia “Os primeiros pasos *na fe*”⁵⁴ e os materiais complementarios adaptados. E para a Primeira Comunión usarase o catecismo “Xesús é o Señor”⁵⁵, publicado oficialmente pola Conferencia Episcopal Española, cos recursos catequéticos correspondentes, sempre complementarios ao catecismo.⁵⁶

2. Idade

Co fin de posibilitar aos nenos unha maior preparación e unha máis consciente participación nos sacramentos, a Primeira Comunión deberá celebrarse a finais de terceiro curso de Primaria ou **entre os nove e dez anos**.

Polo tanto, como norma xeral, non deberá adiantarse a celebración da Primeira Comunión a esta idade.

3. Obxectivos

A Catequese de preparación inmediata á Primeira Comunión intentará conseguir os seguintes obxectivos:

- 1) Presentar o **Espírito Santo** comao que dá vida á Igrexa e que nos posibilita o **encontro con Cristo resucitado** nos sacramentos.

⁵⁴ Libro que é unha presentación ampliada do catecismo “Nosso Pai” da Conferencia Episcopal Española para o espartar relixioso, Edice, Madrid 2006.

⁵⁵ Catecismo da Conferencia Episcopal Española para a Iniciación sacramental, Edice, Madrid 2008.

⁵⁶ Os Secretariados de Catequese de Galicia ofrécenos.

- 2) Afondar no coñecemento dos aspectos fundamentais do **Sacramento da Reconciliación** e da **Eucaristía**: memorial, sacrificio, presenza de Cristo, comunión, adoración...
- 3) Suscitar as **actitudes cristiás básicas** subxacentes á Eucaristía: participación, acción de grazas, compromiso...
- 4) Iniciar a **liturxia**. É necesario educar a sensibilidade simbólica dos nenos para que poidan captar a dimensión simbólica do pan, do viño, dos signos, xestos e acción da celebración.

4. Pedagogía

A pedagogía deste momento catequético ten algunhas peculiaridades:

- Ha de facerse a partir do **signo natural da reunión e da comida familiar**, de forma que o neno poida ir da experiencia da mesa familiar á Mesa do Señor.
- Aconséllase **seguir as diversas partes da celebración da Misa**, explicando o sentido, contido, actitudes, etc., de cada unha delas.
- Resaltar a **unidade e relación entre os sacramentos da Iniciación cristiá**: Bautismo, Eucaristía, Confirmación.
- Presentar os sacramentos, non como “ cousas ” ou “ ritos máxicos ”, senón como signos sensibles (auga, pan, viño,...) cos que se simboliza e expresa a acción salvadora de Deus.
- Fomentar a experiencia de **encontro con Xesucristo**, a través do silencio, a escoita da Palabra, a oración e a participación na Eucaristía coa comunidade, especialmente no domingo, “ día do Señor ”.

5. As celebracións

a. Celebracións catequéticas

Na iniciación sacramental ocupan un lugar destacado as celebracións. As distintas catequese han de estar **acompañadas de celebracións que permitan aos nenos vivenciar a fe e expresar a súa experiencia relixiosa**, nas que o Ano Litúrxico ten que ser unha referencia necesaria.

É moi importante a **presenza e participación dos pais** nas celebracións catequéticas e sacramentais.

b. Celebración Sacramental da Eucaristía

A utilización das pregarias eucarísticas con nenos, así como o leccionario para Misas con nenos, ofrecen grandes posibilidades pedagóxico-pastorais.

Na celebración da Primeira Comunión han de **evitarse tanto o individualismo como a masificación**. Nelas é moi importante o estilo espontáneo e a calidade das relacións do sacerdote celebrante cos nenos.

Ha de coidarse que a Primeira Comunión sexa **unha celebración festiva e relixiosa**, que sinala un paso importante na educación cristiá do neno e marque, ao seu nivel, unha forte experiencia de fe, evitando no posible que quede desvirtuada polo peso social que rodea á celebración e os gastos excesivos e o afán consumista. É mentalidade da Igrexa que o vestido sexa sinxelo e que a celebración sexa sobria, alegre e festiva, favorecendo a participación, evitando a ostentación e toda incursión estraña que desvíe a atención e perturbe o necesario recollemento⁵⁷.

c. Celebración Sacramental da Penitencia ou da Reconciliación

A celebración da Penitencia **ten a súa propia entidade** e forma parte da Iniciación cristiá, mesmo realizando previamente celebracións penitenciais non sacramentais. Co fin de darlle especial relevo, convén distanciala da celebración da Eucaristía. A **celebración comunitaria con absolución individual** é a forma idónea, xa que o seu carácter comunitario e festivo ofrece posibilidades para a experiencia gozosa do perdón. A catequese previa a este sacramento ha de servir para **educar a conciencia moral do neno**. Tamén é moi importante a participación dos pais nesta celebración.

6. Lugar da celebración

O lugar máis axeitado para a celebración dos sacramentos de Iniciación é **a comunidade cristiá**. A Primeira Comunión debe celebrarse **no marco da comunidade parroquial**⁵⁸ porque, hoxe por hoxe, a comunidade parroquial, a pesar das súas deficiencias, é para a maioría dos cristiáns **o lugar ordinario onde celebra a súa fe e referencia da súa pertenza á Igrexa**. Por outra banda, o neno, que vive e medra en comunidades infantís, homoxéneas e transitorias, necesita integrarse nunha **comunidade adulta, heteroxénea e estable**.

⁵⁷– A CEE publicou no seu día unhas normas sobre a actuación dos fotógrafos. Ver BOOMF, novembro de 1983.

⁵⁸– CC 268-271.

Recoméndase que a Primeira Comunión se reciba sempre **na propia Igrexa Parroquial**, e só en casos moi especiais poderá celebrarse en igrexa distinta.

Ningún sacerdote debe prestarse a administrar a Primeira Comunión a un neno doutra Parroquia se non lle consta **da debida preparación** catequética, **nin tampouco** acoller na súa parroquia nenos saltándose as normas e sen previo diálogo co sacerdote propio.

7. Implicación dos pais e as familias

A catequese da comunidade non pode facerse á marxe da familia, antes ben, ha de realizarse en estreita relación cos pais, especialmente no período de preparación á Primeira Comunión. Para iso hanse de fomentar neste período as **reunións periódicas cos pais** simultáneas á catequese dos seus fillos, non só para a preparación da celebración, na que eles deben participar, senón tamén para formación e fortalecemento da súa fe persoal e da súa responsabilidade como primeiros e principais educadores dos seus fillos⁵⁹.

Cabe aquí perfectamente realizar o que se denomina **“catequese familiar”**: a catequese impartida polos pais no fogar, logo de reunións de preparación na parroquia, con participación das familias na Eucaristía dominical e os encontros periódicos con nenos no ámbito da comunidade parroquial.

8. Continuidade

Nin a Iniciación cristiá nin a catequese rematan na Primeira Comunión. Nin sequera debe ser considerada como unha meta nin supoñer un punto e aparte no proceso iniciatorio da fe recibida no Bautismo. É necesario que os pais e os nenos, xunto con toda a comunidade cristiá tomen conciencia de que **hai que seguir crecendo e madurando na fe mediante a catequese e a participación na Eucaristía do domingo**.

O proceso de iniciación que comezou no Bautismo necesita ser fortalecido polo sacramento da Confirmación e alimentado a través dunha participación máis viva e consciente na Eucaristía, sacramento “ao que tende toda *iniciación*”⁶⁰.

⁵⁹_ Ao respecto os Secretariados de catequese de Galicia publicaron os seguintes recursos catequéticos para traballar cos pais: “*Iniciación á fe*”, “*Encontro con Xesús*” e “*Iniciación sacramental*”, coas súas correspondentes guías pedagóxicas.

⁶⁰_ SC 18.

O sacramento da CONFIRMACIÓN

“Co Bautismo e a Eucaristía, o sacramento da Confirmación constitúe o conxunto dos sacramentos da iniciación cristiá, a unidade dos cales debe ser salvagardada. É preciso, pois, explicar aos fieis que a recepción deste sacramento é necesaria para a plenitude da graza bautismal. En efecto, aos bautizados o sacramento da confirmación úneos máis intimamente á Igrexa e enriqueceos cunha fortaleza especial do Espírito Santo. Desta forma comprométese moito máis, como auténticas testemuñas de Cristo, a estender e defender a fe coas súas palabras e o seu obra’ ” (CCE 1285).

1. Na última etapa do proceso catequético

O sacramento da Confirmación, polo xeral, na Igrexa de Occidente e debido a motivos pastorais, sitúase na última etapa da Iniciación cristiá. Non pode considerarse este sacramento illado do proceso catequético. Máis ben este sacramento está intimamente ligado ao Bautismo e orientado *“cara a unha máis intensa e perfecta participación no Sacrificio eucarístico”*⁶¹. O obxectivo último da catequese, como se dixo reiteradamente, non é a preparación para os sacramentos, senón **iniciar na vida cristiá** que nos sacramentos se celebra e alimenta.

2. A liberdade e consciencia do confirmando

Ao preparar a celebración do sacramento da Confirmación hai que **subliñar o “don de Deus” e a primacía da súa graza**. Todos os bautizados están convocados para recibir o Espírito de Pentecoste que os capacita para integrarse máis conscientemente na Igrexa e participar na súa misión. Hai que evitar, pois, recibir este sacramento porque *“se fixo sempre”, “para estar en regra”, “porque o queren os pais”, “para ser padriño de Bautismo”,* etc. Hase de acceder ao sacramento, na medida en que o candidato sexa capaz de facelo, do modo máis **consciente, libre e responsable**, mesmo se para iso é necesario anticipar ou pospoñer a súa celebración ao momento máis axeitado da súa etapa vital.

3. A idade de preparación máis inmediata e recepción do sacramento

Non hai unha idade fixada. Depende da madurez cristiá do candidato. A Conferencia Episcopal Española, estableceu en 1984 como idade *“a situada arredor dos 14 anos, salvo o dereito do Bispo diocesano a seguir a idade da discreción á que fai referencia o canon”*.⁶²

⁶¹ IC 55.

⁶² Cf BOCEE, 3 (1984) 102. O canon 891 do Código de Dereito Canónico, esixe chegar á **idade da discreción de xuízo**, salvo que a Conferencia Episcopal determine outra. A idade da discreción ou do uso de razón presúmese que é aos sete anos (canon 97 § 2).

Dentro do proceso de Iniciación cristiá na infancia e adolescencia, a xuízo do párroco, consultados os catequistas e reflexionado no arceprelado, en canto á **idade da preparación inmediata e a recepción do sacramento da Confirmación**, caben **tres opcións**⁶³:

- a) Na **infancia adulta**, despois de recibir a Primeira Comuñón e continuar o proceso durante tres cursos máis. Esta etapa, previa á adolescencia, é máis propicia para unha “primeira síntese de fe”. Estaría ademais complementada por unha pastoral de infancia e xuventude organizada (movementos, actividades de Tempo Libre, etc.) de cara a afianzar o proceso de Iniciación.
- b) A partir dos **catorce anos** cunha preparación inmediata de polo menos dous anos, despois de ter a catequese de postcomuñón durante tres. Deste modo a celebración tería lugar en plena adolescencia-xuventude, culminando todo un proceso continuado de catequese de Iniciación⁶⁴ ao longo da infancia-adolescencia, que desembocaría nunha integración máis adulta na vida e a misión da Igrexa.
- c) Na **xuventude ou na adultez** (dos 18 anos en diante) para os que interromperon este proceso, facendo un discernimento previo das súas motivacións. Así a través dunha preparación catequética máis intensiva e sosegada, non inferior a un curso, completarían a súa Iniciación cristiá e capacitaríanse para asumir máis consciente e responsablemente o seu compromiso cristián.

Non obstante hai que contemplar o caso frecuente de **parroquias ou zonas rurais bastante despoboadas** onde non hai confirmacións todos os anos e non se pode organizar unha preparación por grupos máis homoxéneos. Estes casos estudaríanse en cada arceprelado de cara a acordar a solución pastoral máis conveniente.

4. Obxectivos desta catequese

- 1) Crecemento e maduración da fe a través dunha adhesión e configuración máis plena con Cristo.

⁶³– A xustificación destas tres opcións atópase no documento da CEE, *A Iniciación cristiá*, 85-106.

⁶⁴– Neste suposto aplicaríase a normativa vixente: “*A Catequese de Iniciación cristiá da infancia e adolescencia iniciarase a partir dos 6 anos, e rematará co sacramento da Confirmación. Con tres cursos para a Primeira Comuñón e outros tres antes da Confirmación. Iniciaranse a primeiros de curso e rematarán a finais. Os párrocos seguirán animando a que continúen o proceso catequético entre ambas as dúas etapas durante outros tres cursos en Catequese de poscomuñón*” (BOOMF 9-10 [2002] 134-162).

- 2) Introducción e participación no misterio de Deus a partir da experiencia, o don e a forza do Espírito, e dende o descubrimento da propia identidade e vocación.
- 3) Afondamento no “nós” cristián por unha experiencia e inserción máis viva na comunidade.
- 4) Participación máis activa na misión da Igrexa, sendo testemuñas de Cristo e comprometéndose no anuncio e realización do seu Reino.

Nun momento determinado desta preparación ou ao final desta podería ter lugar a entrega da Palabra de Deus ao confirmando, como expresión da fe recibida da Igrexa (“traditio”) e á súa vez asumida por este (“reditio”), de cara á misión profética de anunciar e ser testemuña do evanxeo de Xesucristo na vida de cada día.

Para esta catequese, a Conferencia Episcopal Española estableceu como catecismo oficial “*Esta é a nosa fe. Esta é a fe da Igrexa*”.⁶⁵

5. Programación e preparación

A **parroquia** é o lugar propio da preparación catequética. Non obstante, segundo as circunstancias –zonas pouco poboadas, sacerdotes con varias parroquias, etc.– pode levarse a cabo na Unidade Pastoral ou no Arciprestado, ofrecendo así un testemuño de unidade eclesial e levar a cabo unha pastoral máis conxuntada e eficaz. En ningún caso vale acoller en parroquias próximas a adolescentes ou mozos de Confirmación saltando as normas e sen previo diálogo co sacerdote propio.

6. A celebración da Confirmación

A Confirmación dun grupo de adolescentes ou mozos é un acontecemento moi importante nunha comunidade. Dalgún xeito **hase de** preparar a toda a comunidade, especialmente aos **pais e padriños** dos confirmandos.

A elección dos padriños farase conforme ao CIC⁶⁶, así como as observacións do propio ritual da Confirmación⁶⁷. Non obstante, tendo en conta as especiais circunstancias do noso ambiente, sería aconsellable que o **catequista** exerces-

⁶⁵– Os Secretariados de Catequese de Galicia ofrecen materiais catequéticos complementarios: “*A Alianza de Deus connosco*”, “*Deus dános unha nova vida*” e “*O Reino de Deus*”, catequese para rapaces e rapazas de 9 a 14 anos, coa súa guía pedagóxica. Tamén para a etapa seguinte, “*Confirmados na fe*” 1 e 2, coa súa guía pedagóxica.

⁶⁶– Cán. 872, 873 y 874; 892 e 893.

⁶⁷– N° 5 e 6.

se esta misión, xa que é a persoa realmente significativa ante a comunidade e ante a opción cristiá do propio confirmando.

A presenza do Bispo non se reduce ao papel de ministro do Sacramento. O é o **signo de vinculación** da comunidade coas demais comunidades da Igrexa local e o **signo de comunión** coa Igrexa Universal. Cando o Bispo, ministro ordinario da Confirmación, non poida celebrar este sacramento, encomendarao ao Vicario Xeral ou a un sacerdote delegado.

7. A *postconfirmación*

Coa Confirmación remata a etapa da iniciación, pero a **vida cristiá continúa**. É necesario ofrecer aos confirmados a posibilidade de seguir madurando a súa fe de iniciados e de exercer os seus compromisos na vida social e eclesial, incorporándoos ás distintas **actividades e movementos**. Cabe destacar a integración na **Acción Católica**, o **Movemento Scout Católico (MSC)** como monitores e educadores e os **novos movementos eclesiais**; tamén unha participación activa no voluntariado de **Cáritas, Mans Unidas** e outras **ONGs** da Igrexa católica, nas actividades educativas de **Tempo Libre** de inspiración cristiá, etc. Todo iso no amplo marco da pastoral xuvenil.

A *postconfirmación* é tamén unha etapa para asumir, cunha preparación axeitada, algúns dos **ministerios laicais**⁶⁸ na Igrexa. O Código de Dereito Canónico fala dos ministerios instituídos con carácter estable de “lector” e “acólito” (c. 230). Xunto a estes ministerios tamén hai “oficios eclesiais”, “encargos” e “servizos” (c. 226, 228 e 231) que de forma permanente ou temporal pode exercer un fiel laico.

4.3. Proceso especial para completar a iniciación cristiá con mozos e adultos bautizados

Trátase neste caso de acoller e canalizar aquelas situacións de moitos **cristiáns que no seu día foron bautizados, pero non iniciados** na fe, e que desexan “reiniciarse” de novo nela ou completar o seu proceso de Iniciación cristiá. A eles especialmente a Igrexa failles a proposta dun novo encontro con Cristo e de recuperar o gozo da súa pertenza e participación na vida e misión da Igrexa.

Esta formulación na súa dimensión catequética vale tamén para os **pais** que necesitan tomar conciencia e afondar no compromiso que un día asumiron ao celebrar o sacramento do Matrimonio e o Bautismo dos seus fillos. Así mesmo

⁶⁸ O ministerio é o recoñecemento eclesial (institucional) dun carisma (don do Espírito) que o cristián asume con liberdade e entrega como un servizo a Deus e aos homes por medio da Igrexa.

para **calquera persoa adulta** que teña interese por actualizar a súa formación e fundamentar a súa fe cristiá para "*saber dar razón da súa esperanza*" (cf 1 Pe 3, 15) nunha sociedade tan plural e cambiante como a nosa. Trataríase en ambos os dous casos de ofrecer nas comunidades parroquiais ou no ámbito interparroquial a posibilidade dunha **catequese de adultos** de "inspiración catecumenal", "orgánica" e "sistemática", "integral" e con "duración definida"⁶⁹. Desta forma as nosas comunidades veranse enriquecidas pola integración duns membros máis adultos na fe e máis corresponsables na misión, sendo deste modo modelo e referencia para os membros máis novos que están en proceso de Iniciación.

Con palabras dos nosos bispos:

*"Trátase da plena incorporación á Igrexa daqueles adultos bautizados de párvulos, que non recibiron a debida catequese e non están confirmados nin participaron na Eucaristía, e viven afastados da fe e da comunidade cristiá. O Ritual da Iniciación cristiá de Adultos, no seu capítulo IV, fai unhas suxestións pastorais en orde á preparación para a Confirmación e a Eucaristía destes adultos (...). A súa conversión fúndase no Bautismo xa recibido, a virtude do cal deben desenvolver despois. Os tempos de preparación destes adultos para os sacramentos da Confirmación e a Eucaristía deberán ser considerados de forma individualizada"*⁷⁰.

*"Xunto a estes adultos atópase outro grupo de cristiáns que recibiron os tres sacramentos da Iniciación cristiá na súa infancia e adolescencia, pero que se desvincularon da Igrexa durante un longo tempo. En importantes documentos da Igrexa subliñouse a necesidade de evanxelizear de novo aos bautizados das vellas Igrexas de Europa. Tamén entre nós se insistiu, nos programas pastorais da Conferencia Episcopal e dalgúns dos seus organismos, na necesidade dun anuncio misionero que introduza estes afastados nun proceso de "reiniciación" cristiá. Para atender convenientemente esta dobre urxencia misioneira é necesario formular un itinerario de Iniciación cristiá de adultos bautizados ou, se se prefire, un itinerario de neocatecumenado"*⁷¹.

*"Para orientar os procesos catequéticos dos adultos a nosa Comisión Episcopal de Ensino e Catequese publicou no ano 1991 unhas orientacións pastorais tituladas Catequese de adultos"*⁷².

⁶⁹_ Cf CA 86-97.

⁷⁰_ IN 124.

⁷¹_ Idem 125.

⁷²_ Idem 126.

a. Descrición deste proceso

- É fundamental, como paso previo para afrontar este proceso, formulalo **en cada arceprestado** para lograr a coordinación, a unificación de criterios e a colaboración interparroquial.
- Hai que contar con **catequistas** con “talante misionero” que acollan, acompañen, formen e dean testemuño da súa fe.
- A Parroquia debe configurarse como unha **comunidade viva de acollida e de referencia**.
- É preciso **discernir e clarificar as motivacións** daquela persoa, xa bautizada, que pide completar a recepción dos sacramentos de Iniciación cristiá.
- Tamén é necesario partir de cada **situación persoal** e tratar de **sintonizar** con cada persoa (aspiracións, inquietudes, interrogantes, necesidades, proxectos,...), e, no posible, adaptarse a ela para que, a través do **anuncio misionero** ou a **“precatequese”**, se axude a superar posibles prexuízos e suscite no candidato a “conversión inicial”.
- O **proceso catequético**:
 1. Será intensivo, con tempo abondo para a reflexión e o afondamento na fe, nun clima de diálogo, transmitindo o esencial e nuclear do ser cristián, sendo conscientes de que *“a catequese de adultos é a forma principal de catequese”*⁷³.
 2. Levará ao encontro con Cristo a través da oración e a celebración da fe, especialmente como renovación e reafirmación do Bautismo recibido.
 3. Invitará á participación na celebración litúrxica da comunidade cristiá, especialmente na Eucaristía dominical.
 4. Implicará nas accións caritativas e transformadoras da comunidade parroquial á que pertencen.
 5. A súa finalidade será a confesión de fe⁷⁴ expresada no Credo;


⁷³– CT 43.

⁷⁴– *“A catequese ten como a súa orixe na confesión de fe e conduce á confesión de fe”* (Sínodo de Bispos sobre a catequese, *Mensaxe ao Pobo de Deus*, 8).

Chegado o momento da celebración dos sacramentos de Iniciación cristiá, xa sexa a Confirmación e a Eucaristía, ou só a Confirmación, farase na comunidade cristiá reunida en asemblea e presidida polo Bispo ou o seu representante.

Froito gozoso deste proceso será que os xa iniciados ou reiniciados continúen vinculados á comunidade cristiá, participando na súa vida e na súa misión.

Hei aquí o esquema deste proceso⁷⁵:



b. Tarefas fundamentais da catequese⁷⁶

1. **Propiciar o coñecemento da fe:** “*fides quae*” (os contidos), e “*fides qua*” (adhesión á persoa). A “entrega do símbolo”, compendio da Escritura e da fe da Igrexa, expresa a realización desta tarefa.
2. **Educación litúrxica:** propiciar o coñecemento da liturxia e os sacramentos xa que a comunión con Cristo conduce a celebrar a súa presenza salvífica nos sacramentos, particularmente na Eucaristía.

⁷⁵_ Cf CA 134-164; 172-195.

⁷⁶_ Cf DGC 85-86.

3. **Formación moral:** inculcar aos discípulos as actitudes do Mestre, especialmente as benaventuranzas. Así xunto á palabra anunciada saben ofrecer tamén a palabra vivida.
4. **Ensinar a orar:** asumir o carácter orante e contemplativo do Mestre; cos seus mesmos sentimentos cara ao Pai: adoración, loanza, acción de grazas, confianza filial, súplica, admiración pola súa gloria. Estes sentimentos quedan reflectidos na “entrega do Nosopai, modelo de toda oración e resumo de todo o Evanxeo.
5. **Educación para a vida comunitaria,** que non se improvisa e que leva consigo cultivar as actitudes evanxélicas como o espírito de sinxeleza e humildade, solicitude polos máis pequenos, atención preferente aos que se afastaron, corrección fraterna, oración en común, perdón mutuo,..., ademais de coidar a dimensión ecuménica e fraterna coas outras igrexas.
6. **Iniciar á misión:** presenza dos cristiáns na sociedade, na vida profesional, cultural e social; cooperar nos diferentes servizos eclesiais; suscitar vocacións (sacerdotais, de especial consagración na vida relixiosa e misioneras). Dende as actitudes evanxélicas que leven a buscar a ovella perdida, anunciar e sandar ao mesmo tempo, presentarse pobres (sen ouro nin alforxa), saber asumir o rexeitamento e a persecución, confiar no Pai e no seu Espírito, non esperar outra recompensa que a de traballar polo Reino.

Un instrumento catequético para este proceso pode ser “*Para dar razón da nosa fe*”⁷⁷.

Conclusión

Iniciar na fe constitúe todo un proceso de crecemento e maduración para chegar a ser un cristián adulto. O camiño non é doado. Supón por parte dos pastores, catequistas, pais e educadores unha grande dose de xenerosidade, paciencia e gratuidade para sementar, cultivar e coidar a semente da fe. Sempre coa confianza de saber que é principalmente o Espírito do Señor quen, no misterio dos seus desígnios, fai xerminar e frutificar a semente do Evanxeo nas persoas.

Este Directorio para a Iniciación Cristiá é o resultado da reflexión sosegada e a recompilación atenta das suxestións e achegas, tanto de persoas concretas –pas-

⁷⁷– CEE, subcomisión de Catequese, *Para dar razón da nosa fe. Formación na fe co Compendio do Catecismo da Igrexa Católica*, Edice, Madrid 2008.

tores e catequistas– coma das delegacións diocesanas de Liturxia e Catequese, a Secretaría de Pastoral e o Consello Presbiteral. Todo iso baixo a supervisión e seguimento do Bispo, principal responsable da Iniciación cristiá na Diocese, e á luz dos documentos e as orientacións do Maxisterio da Igrexa sobre o tema.

Como toda obra humana, aínda que inspirada no mandato do Señor de anunciar o Evanxeo e facer discípulos seus, este Directorio ten as súas limitacións e non dá resposta, por suposto, a todos e cada un dos casos e circunstancias concretas que encontremos na práctica pastoral. De aí que a prudencia pastoral e a fidelidade en conciencia ás súas directrices fundamentais serán as que orienten en definitiva o modo de proceder. Con todo, calquera consulta, suxestión ou achega será ben recibida de cara a que todos traballemos ao unísono e en comunión eclesial para unha maior eficacia na misión evanxelizadora.

1.2. DIRECTORIO PARA LA INICIACIÓN CRISTIANA

Documentos

- **AG** CONCILIO VATICANO II, *Decreto Ad Gentes, sobre la Actividad Misionera de la Iglesia* (1965).
- **BOOMF** Boletín Oficial del Obispado de Mondoñedo-Ferrol.
- **CA** CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA. *Catequesis de Adultos* (1991).
- **CC** CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA. *Catequesis de la Comunidad* (1983).
- **CCE** *Catecismo de la Iglesia Católica. Catechismus Catholicae Ecclesiae* (1992).
- **CIC** *Codex Iuris Canonici* (1983).
- **CT** JUAN PABLO II, Exhortación apostólica *Catechesi Tradendae* (1979).
- **DGC** SAGRADA CONGREGACIÓN PARA EL CLERO, *Directorio General para la Catequesis* (1997).
- **EN** PABLO VI, Exhortación apostólica *Evangelii Nuntiandi* (1975).
- **IC** CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA. *La Iniciación Cristiana. Reflexiones y orientaciones* (1998).
- **OPC** CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA. *Orientaciones pastorales para el catecumenado* (2002).
- **OPICNNBI** CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA. *Orientaciones pastorales para la iniciación cristiana de niños no bautizados en su infancia* (2004).
- **RICA** *Ritual de la Iniciación Cristiana de Adultos*, ed, española del *Ordo Initiationis Christianae Adultorum*, Editio Typica, Vaticano 1972.

Presentación

El cristiano no nace, se hace. Entonces, ¿cómo se hace un cristiano? Esta pregunta ha sido y sigue siendo de una importancia capital para la comunidad cristiana y sus pastores. Pero la respuesta en el contexto actual no es en absoluto evidente. En los últimos años la acción pastoral de la Iglesia está encontrando dificultades crecientes para engendrar y educar en la fe a las nuevas generaciones.

El ambiente familiar resulta tibio o, al menos, insuficiente. La enseñanza religiosa apenas logra que la fe de sus alumnos se mantenga en pie ante los embates de las diversas concepciones de la vida vigentes en la sociedad. La catequesis infantil cuesta cada vez más y los jóvenes, en su mayoría, han desaparecido de nuestras parroquias. La iniciación a la fe que reciben hoy muchos bautizados resulta un proceso discontinuo, incompleto para asegurarles consistencia y coherencia cristiana. Por ello la fe de muchos naufraga o queda reducida a un residuo mortecino cuando nuestros jóvenes entran de lleno en la universidad, en el trabajo, en el matrimonio, en la vida secular.

“Frecuentemente –reconocía el Papa Benedicto XVI– la problemática que se plantea por lo que se refiere a la Iniciación cristiana tiene que ver con algunas normativas existentes respecto a la edad, cursos de preparación, situación de los padres... cuestiones que desasosiegan, crean tensiones y producen desazón. Ahora bien, sin quitar importancia a estas cuestiones, hemos de reconocer que no entran de lleno en los grandes problemas de fondo. ¿Cómo se hace un cristiano, qué es lo que le va dando forma? ¿Cómo plantear la Iniciación cristiana en un mundo como el actual donde hay tanta increencia y tanta fe debilitada?”

La Iglesia tuvo durante siglos de paganismo ambiental un proceso de iniciación sólido, bien trabado, completo, que tomaba a los candidatos a las puertas de la fe, los acompañaba a lo largo de varias etapas y los conducía a una fe adulta. La iniciación ofrecía eficazmente a los nuevos cristianos una adhesión firme a Jesucristo, una vinculación amorosa a la Iglesia, una vertebración de los contenidos doctrinales del mensaje cristiano, un programa de conducta moral, una dirección para el compromiso cristiano y una experiencia de oración individual y litúrgica.

Es cierto que la diferencia entre aquellos siglos y el momento actual es abismal. Aquel era un mundo pagano, pero religioso. La planta de la fe prendía en la tierra de una rica religiosidad. Hoy esta tierra parece haber quedado desprovista de muchas de sus sales nutritivas. La atmósfera que rodea en Europa a las generaciones juveniles es muy propicia para engendrar una tupida indiferencia religiosa. Sólo una Iniciación cristiana bien cuidada puede asegurar, bajo la continua acción de la gracia, la emergencia de cristianos para el siglo XXI. ¿Cuántos están dispuestos a este exigente recorrido?

Sean muchos o pocos estos candidatos, la Iglesia en Occidente tiene ante sí la ingente tarea de reelaborar el proceso de la iniciación cristiana. El Ritual de la Iniciación Cristiana de Adultos (RICA) ha sido un paso de gran envergadura. En él se recogen algunas líneas básicas del catecumenado de los tiempos clásicos con la acertada intuición de que tales líneas traspasan las culturas del momento y, por tanto, son aptas para estructurar con la debida actualización, el nuevo itinerario hacia una fe adulta.

La Iniciación cristiana, aun siendo tarea de toda la comunidad eclesial, después de serlo del Obispo, es responsabilidad principal también de los párrocos y de quienes se les equiparan en derecho, con la ayuda de los catequistas y de otras personas. Me permito llamar la atención sobre la importancia decisiva que tiene la familia cristiana para la educación de la fe de sus hijos. No en vano, "el testimonio de vida cristiana, ofrecido por los padres en el seno de la familia, llega a los niños envuelto en el cariño y el respeto materno y paterno. Los hijos perciben y viven gozosamente la cercanía de Dios y de Jesús que los padres manifiestan, hasta tal punto, que esta primera experiencia cristiana deja frecuentemente en ellos una huella decisiva que dura toda la vida. Este despertar religioso infantil en el ambiente familiar tiene, por ello, un carácter «insustituible»" (DGC 226). Por ello es preciso que, desde la parroquia y desde las demás instancias de la formación de la fe, se preste una atención especial a la familia cristiana por todos los medios posibles

El presente Directorio de la Diócesis de Mondoñedo-Ferrol constituye un modesto esfuerzo en esa misma dirección. Es preciso que todos los educadores de la fe comprendan certeramente su inspiración fundamental, asimilen cuidadosamente sus diferentes pasos y se atengan fielmente a sus indicaciones. Vuestra acogida y aplicación, sin poner trabas ni cortapisas, posibilitará una mejor Iniciación cristiana, con lo que alcanzaremos, o al menos nos acercaremos, al ideal deseado: formar auténticos cristianos.

Que el Espíritu Santo, agente principal de la evangelización, ponga la 'música de Dios' en esta letra de su Iglesia. Y que Santa María, Estrella de la nueva evangelización, guíe a todos al conocimiento de Jesucristo único Salvador (Hch 4,12).

+ Manuel Sánchez Monge,
Obispo de Mondoñedo-Ferrol

Mondoñedo - Ferrol, 13 de septiembre de 2009.
Fiesta de Nuestra Señora de los Remedios, Patrona de la Diócesis

“Id y haced discípulos de todos los pueblos, bautizándolos en el nombre del Padre, y del Hijo, y del Espíritu Santo; y enseñándoles a guardar todo lo que os he enseñado” (Mt 28, 19-20).

Introducción

La Iglesia ya desde siempre se ha preocupado de iniciar cristianos. En los tiempos apostólicos a los cristianos se les llamaba los seguidores del “camino”, en el que habían sido instruidos (cf Hech 9,2; 18, 25). Este seguimiento fue pasando, en sus comienzos, por la experiencia paradigmática del catecumendo bautismal (s. II-V aproximadamente) y, desde aquellos inicios hasta nuestros días, por la transmisión de la fe a través de la familia, la parroquia y la escuela. Fue la parroquia el “lugar” propio de la acogida, de la catequesis y la celebración de los sacramentos de la Iniciación cristiana. En ella, tanto los catecúmenos como los que recibían el Bautismo, se incorporaban a la Iglesia.

En el fondo está la cuestión “qué hay que hacer para ser cristiano” o “cómo se hace un cristiano” (cf Hech 2, 37; 8, 37; 11, 26) Ante esta tarea la Iglesia ha tratado de responder en los últimos años marcando pautas, promulgando normativas, poniendo medios y recursos para que en las comunidades parroquiales se ofreciese un itinerario catequético-litúrgico, más o menos homogéneo, de cara a la Iniciación cristiana de los niños y adolescentes. Fue precisamente a partir de la reforma litúrgica y catequética surgida del Concilio Vaticano II, cuando cada Iglesia particular trató de concretar un iter a seguir en la celebración de los sacramentos de Iniciación.

En nuestra diócesis de Mondoñedo-Ferrol, el último directorio se publicó en el año 1984¹. Dicho directorio, promulgado por Mons. Araújo Iglesias, parte de un análisis de la situación de la pastoral sacramental, al que le siguen unas orientaciones teológico pastorales, para luego afrontar cada uno de los sacramentos de la Iniciación, con sus aspectos teológico-pastorales y la normativa correspondiente.

Casi veinte años más tarde, Mons. Gea Escolano, consciente de las serias dificultades surgidas en la familia y en el ambiente sociocultural a la hora de transmitir la fe a las nuevas generaciones, publica una amplia reflexión titulada “La catequesis base de la renovación eclesial”, con unas “normas pastorales para la preparación de los sacramentos de la Iniciación”².

¹– Separata de BOOMF, 12 (1984) 538-567.

²– BOOMF 9-10 (2004) 134-162.

Hoy en día, ante las dificultades que presenta la situación actual y recogiendo las valiosas aportaciones del Magisterio del Papa y de la Conferencia Episcopal Española, junto con las disposiciones de otras diócesis, plasmadas en sus directorios de Iniciación cristiana, nuestra Iglesia diocesana se siente obligada a dar nuevas respuestas y abrir nuevos caminos para acoger a quien se presenta o es presentado para “ser cristiano”. También quiere animar a todos los agentes de pastoral, especialmente a los sacerdotes, a que con renovado empeño afronten la misión apasionante de iniciar en la fe y acoger en la Iglesia a todo el que pida ser cristiano. Son nuevas y variadas las situaciones personales, familiares y sociales que hay que contemplar y a las que hay que responder desde el evangelio. No se puede ser indiferente ante las demandas de nuestro tiempo, por muy novedosas o difíciles que nos resulten. De lo contrario dejaríamos de ser fieles a la misión encomendada por el Maestro.

1. Nuestra realidad

Toda la acción evangelizadora de la Iglesia debe partir de un conocimiento de la situación y las circunstancias de los destinatarios. Concretamente en nuestra diócesis de Mondoñedo-Ferrol estamos repartidos en dos amplias zonas, una interior y otra costera, con una población diseminada en numerosos núcleos rurales y en otros semiurbanos y urbanos. Somos esa “porción del pueblo de Dios” heredera de una larga y fructífera tradición cristiana, que hemos de valorar y agradecer. A ella pertenecemos y en ella todos los bautizados tenemos la oportunidad de sentir y vivir la Iglesia de Jesucristo. Sin embargo, por otra parte, nos sentimos interpelados por los cambios y transformaciones socioculturales de nuestro tiempo, que afectan profundamente a la manera de vivir y transmitir la fe.

De ahí que, hemos de descubrir y tomar conciencia de los “signos de los tiempos” que nos interpelan, valorar lo positivo, *“todo lo que hay de verdadero, de noble, de justo, de limpio, de amable, de saludable, de virtuoso y de encomiable”* (Fil 4, 8-9); así como también reconocer aquello que impide, obstaculiza o se resiste al mandato del Señor: *“Id y haced discípulos de todos los pueblos...”* (Mt 18, 19).

Con palabras del papa Juan Pablo II, *“es necesario mirar cara a cara este mundo nuestro con sus valores y problemas, sus inquietudes y esperanzas, sus conquistas y derrotas”*³. Recogiendo algunos rasgos ya conocidos, podríamos describir la situación de la siguiente manera⁴:

³– Exhortación apostólica *Christifideles Laici* 3.

⁴– Cf Plan Pastoral Diocesano 2007-2010.

1.1. Rasgos preocupantes

Con demasiada frecuencia nos encontramos ante:

- Una fe débil y poco formada que necesita ser fortalecida para ser vivida, testimoniada, confesada y celebrada.
- Una Iglesia preocupada por hacer presente el evangelio; pero que se encuentra con un gran desinterés y apatía por parte de muchos, haciendo que tenga la sensación de ser incapaz de afrontar el reto de una nueva evangelización.
- Una transmisión de la fe que se hace a través de la predicación, de la catequesis, de la ERE, etc, que compite en desventaja con otras formas de entender la vida.
- Una carencia preocupante de vocaciones a la vida laical en general, y a la vida consagrada y al ministerio sacerdotal en particular.
- Unos agentes –presbíteros, religiosos y laicos– entregados con generosidad a la misión; pero con frecuencia desanimados por los escasos resultados de su trabajo pastoral.
- Unas familias que, afectadas por las vicisitudes de nuestro tiempo, necesitan más que nunca ser afianzadas en los valores de la unión, el diálogo, la mutua entrega, la educación de los hijos y la transmisión de la fe.
- Unos laicos sin conciencia de su condición de bautizados, adormecidos en una fe rutinaria y una religiosidad escasamente formada, incapaces de afrontar el reto del testimonio cristiano en un ambiente de increencia.
- Una multitud de bautizados que viven al margen de la fe de la Iglesia, destinatarios de una nueva acción misionera o de una reiniciación cristiana.
- Una práctica pastoral que, en muchos casos está más preocupada por la sacramentalización que por la acción misionera, donde están los más alejados e increíentes.

1.2. Rasgos esperanzadores

No podríamos ser realistas en nuestro análisis si olvidásemos los valores que también se detectan como signos positivos de nuestro tiempo, y que pueden ser huellas de la presencia y la acción del Espíritu:

- Existe una sed de Dios manifestada por muchas personas que buscan sinceramente el sentido hondo de su vida, y que nos reclaman espacios distintos de comunidad y oración.
- Muchas personas buscan honradamente su realización personal en el trabajo y en sus tareas profesionales, a pesar de la inestabilidad y precariedad laboral.
- Sigue habiendo familias que viven y educan en la generosidad y en el amor, dedicando tiempo a los hijos y a los mayores a su cargo.
- Crece la búsqueda de independencia y autonomía personal en muchas personas, unido al desarrollo del nivel cultural y de información, que les permite discrepar y conocer sus derechos y deberes sociales, así como un sentido de la libertad frente a la presión social o la injusticia.
- Hay un mayor sentido de la solidaridad ante las desgracias, las catástrofes, la pobreza... y un compromiso generoso con los voluntariados y ONGs.
- Se valora cada vez más la naturaleza y hay una mayor conciencia ecológica sobre la conservación y la sostenibilidad del planeta.
- La paz, la justicia, la no-violencia son valores que cobraron mucha importancia y que animan al compromiso personal.
- Los derechos de las personas y de los colectivos son referentes para muchos, así como una mayor valoración del papel de la mujer y de su igualdad de oportunidades en todos los ámbitos.
- Un importante número de laicos que cada vez más asumen su compromiso y reclaman el papel de corresponsabilidad en la Iglesia que les es propio.
- La presencia testimonial de las asociaciones de laicos y de movimientos apostólicos que, aunque minoritarios, aportan a nuestra diócesis un cauce abierto de compromiso laical permanente, asociado y organizado.

1.3. La Iniciación cristiana

La Iniciación cristiana, en la que tanto empeño ha puesto la Iglesia desde siempre, hoy en día y a la vista de los resultados, nos está exigiendo una profunda revisión tanto en los contenidos como en los itinerarios a seguir. He aquí algunos datos⁵:

⁵– SECRETARIADOS DE CATEQUESE DE GALICIA, *Non ardía o noso corazón...? A Eucaristía: Misterio que se ha de creer*, Santiago de Compostela 2007, 4.

- Padres que piden el Bautismo para sus hijos y no se preocupan de su educación en la fe; o que ya ni siquiera piden el Bautismo ni tampoco la Primera Comunión. Familias que envían a los niños a la catequesis sólo para hacer la Primera Comunión sin un compromiso de continuidad en el procesos de Iniciación.
- Niños y adolescentes que vienen a la catequesis, pero que les cuesta participar o de hecho no vienen a la Eucaristía del domingo.
- Adolescentes y jóvenes que, una vez confirmados, no participan en la vida de la Iglesia y que ya antes de confirmarse no dan muestras de sentirse vinculados a ella.
- Familias que inscriben a los hijos en la catequesis, pero no se interesan por su educación religiosa ni la participación en la celebración de la fe.
- Padres, catequistas y párrocos que empeñados en la educación de la fe, viven con preocupación y desánimo esta situación.
- Sacerdotes que personalmente se sienten limitados por la edad y se ven desbordados por el número de parroquias y la falta de catequistas.

A este respecto son clarificadoras las palabras de nuestros obispos:

